



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 26 DE XUÑO DE 2014

#### ASISTENTES:

#### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

#### CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)  
D<sup>a</sup> MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA LÓPEZ REGO (PP)  
D JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PSdeG-PSOE)  
D ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PSdeG-PSOE)  
D RAMÓN SIXTO LEGASPI (PSdeG-PSOE)  
D XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)  
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

Non aiste a Concelleira D<sup>a</sup>. ROSA M<sup>a</sup> PÉREZ GRADAILLE  
(PSdeG-PSOE)

#### SECRETARIA

D<sup>a</sup>. ANA BARREIRO GÓMEZ

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as vinte e trinta horas do día vinte e seis de xuño de dous mil catorce, réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Actúa de secretaria, a habilitada estatal, Ana Barreiro Gómez.-

\*\*\*\*\*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (doce dos trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursados xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 29 DE MAIO DE 2014.**-Por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as asistentes acórdase prestar aprobación ao borrador da acta da sesión anterior, ordinaria de data 29 de maio de 2014, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-

**2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, ASÍ COMO DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL, DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.-** Aos efectos previstos no regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ao Pleno da corporación das resolucións e decretos da alcaldía, así como das xuntas de goberno local desde o último pleno ordinario, que foron postas/os de manifesto á secretaría, quedando informados do seu contido os doce señores/as concelleiros/as asistentes e cuxa relación se transcribe a continuación:

**RELACIÓN DECRETOS ALCALDÍA DESDE O DIA 26/05/2014 AO 21/06/2014**

DECRETO	20/06/20	DECRETO de Alcaldía de concesion do SAF libre concorrencia a D.
2014-0521	14 14:12	DOLORES CASERIO OTERO
DECRETO	20/06/20	
2014-0520	14 11:18	Solicitud Salón de Actos CENIMA
DECRETO	20/06/20	DECRETO de Alcaldía de concesión do SAF libre concorrencia a Dna.
2014-0519	14 11:18	CARMEN LOUSAS CASAS
DECRETO	19/06/20	Resolución Alcaldía de 19/06/2014, Devolución IVTM-2014 Celso María
2014-0518	14 13:47	González Rodríguez, 0961 GDV.
DECRETO	19/06/20	Resolución Alcaldía de 19/06/2014, Devolución IVTM-2014 Blanca
2014-0517	14 13:47	Menéndez Castaño, C -3112-AV.
DECRETO	19/06/20	
2014-0516	14 13:46	AUTORIZACION FESTAS SAN XOAN
DECRETO	19/06/20	Resolución Alcaldía de 19/06/2014, Devolución IVTM-2014 Ramón
2014-0515	14 10:44	González Pardeiro, LU-8067- O e 8034 CMP.
DECRETO	19/06/20	Resolución Alcaldía de 19/06/2014, Exención antigüidade Simón Mariano
2014-0514	14 10:20	Carriedo Gómez, matrícula LU-5569- K.
DECRETO	18/06/20	
2014-0513	14 13:20	propo de adxudic pista campo da cabana
DECRETO	18/06/20	
2014-0512	14 13:17	bases ofici turismo
DECRETO	18/06/20	Aprobación e ordenación pago BOP edicto contratación Axente
2014-0511	14 13:17	Desenvolvemento turístico
DECRETO	18/06/20	
2014-0510	14 13:17	Cumplimiento bienio Raul Monteagudo Pereiro
DECRETO	18/06/20	
2014-0509	14 13:17	Cumplimiento bienio de José Manuel González Garcia
DECRETO	18/06/20	
2014-0508	14 13:17	D20140618 CONVOCATORIA XGL EXTRAORD.
DECRETO	16/06/20	
2014-0507	14 12:57	prop adxudic
DECRETO	16/06/20	
2014-0506	14 12:57	AUTORIZ DIV ART 17.6 TRLS
DECRETO	16/06/20	Estimación reclamación José M <sup>a</sup> Riveiro Pérez por ocupación con mesas e
2014-0505	14 12:56	cadeiras xullo-agosto 2013.
DECRETO	16/06/20	
2014-0504	14 12:56	CONV COMISION
DECRETO	13/06/20	Resolución Alcaldía de 13/06/2014, Exención antigüidade Celso María
2014-0503	14 13:42	González Rodríguez, matrícula M -7560-DT.
DECRETO	13/06/20	Resolución Alcaldía de 13/06/2014, Exención antigüidade Ramón Sixto
2014-0502	14 13:42	Legaspi, matrícula LU-2049- K.
DECRETO	13/06/20	Resolución Alcaldía de 13/06/2014, Exención antigüidade Manuel Mario
2014-0501	14 9:51	Pérez López, matrícula LU-0800- J.
DECRETO	12/06/20	Resolución Alcaldía de 12/06/2014, Devolución IVTM-Exercicio 2014
2014-0500	14 11:15	Manuel Martínez González, matrícula 6545 CRW.
DECRETO	11/06/20	
2014-0499	14 20:57	FRA. MAIO 2014 SOLRED
DECRETO	11/06/20	
2014-0498	14 20:56	RESOLUCION CAMBIO TITULAR COSTA DO CASTRO 5 5ª



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

DECRETO 2014-0497	11/06/20 14 17:27	Devolución 120,59 €. subvención axente emprego e desenvolvemento local
DECRETO 2014-0496	11/06/20 14 17:26	DECRETO de Alcaldía de concesión do Servizo Municipal de Préstamo de Axudas Técnicas
DECRETO 2014-0495	11/06/20 14 14:55	DECRETO de Alcaldía de concesión do Servizo Municipal de Préstamo de Axudas Técnicas
DECRETO 2014-0494	11/06/20 14 13:49	DECRETO de Alcaldía de concesión do Servizo Municipal de Préstamo de Axudas Técnicas
DECRETO 2014-0493	11/06/20 14 13:44	DECRETO de Alcaldía de concesión do Servizo Municipal de Préstamo de Axudas Técnicas a D. VICTORIANO REGO BARRIO
DECRETO 2014-0492	11/06/20 14 11:48	Resolución Alcaldía de 11/06/2014, Devolución IVTM-Exercicios 2013 e 2014, Amandina Rego Cendán, LU-2763- N.
DECRETO 2014-0491	11/06/20 14 9:32	Resolución Alcaldía de 11/06/2014, Exención antigüidade Emilio Pérez Fernández, matrícula O -2759-BW.
DECRETO 2014-0490	10/06/20 14 14:27	Resolución Alcaldía de 10/06/2014, Devolución IVTM-Exercicio 2014 Andrés Nieto González, matrícula LU-5336- U.
DECRETO 2014-0489	09/06/20 14 12:21	Ordenación pagos Electricidad Núñez, J. R. Rubal Couto e Portos de Galicia
DECRETO 2014-0488	09/06/20 14 12:20	aproba Memoria campo da cabana
DECRETO 2014-0487	09/06/20 14 12:20	Corrección erros materiais compensación débedas R. Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.
DECRETO 2014-0486	05/06/20 14 14:19	Aprobación e pago factura Castilla Software.
DECRETO 2014-0485	05/06/20 14 13:00	Resolución Alcaldía de 5/06/2014, Devolución IVTM-2014 José Antonio Vilariño Sánchez, matrícula LU-3917- X.
DECRETO 2014-0484	05/06/20 14 12:33	Resolución Alcaldía de 5/06/2014, Devolución IVTM-2014 José María Maseda Sanmartín, matrícula 5082 FDN.
DECRETO 2014-0483	05/06/20 14 11:53	Aprobación e pago facturas varias
DECRETO 2014-0482	05/06/20 14 10:43	Resolución Alcaldía de 5/06/2014, Exención antigüidade Antonio García Cotarelo, matrícula LU-7099- K.
DECRETO 2014-0481	05/06/20 14 10:43	Solicitud Salón de Actos
DECRETO 2014-0480	05/06/20 14 10:25	Resolución Alcaldía de 5/06/2014, Exención minusvalía María Luisa Prado Couso, matrícula 5937 HRN.
DECRETO 2014-0479	04/06/20 14 13:05	Compensación débedas R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.
DECRETO 2014-0478	04/06/20 14 13:04	RESOL BAIXA TAXA DEPURACION AS CHAVES S/N FAZOURO
DECRETO 2014-0477	04/06/20 14 13:04	SOLICITUDE AXUDA MELLORA EMPREGABILIDADE
DECRETO 2014-0476	04/06/20 14 13:04	SOLICITUDE AXUDA MELLORA EMPREGABILIDADE2014
DECRETO 2014-0475	03/06/20 14 13:43	Ordenación de pagos varios. Relacións nº 20 e 21. Importe 35.422,15 €.
DECRETO 2014-0474	03/06/20 14 13:43	Incorporación de remanentes de crédito nº 2/2014
DECRETO 2014-0473	03/06/20 14 10:57	autoriz terraza
DECRETO 2014-0472	03/06/20 14 10:57	PROPOSTA DE RENOVACION RISGA 2014/2015
DECRETO 2014-0471	03/06/20 14 10:57	ADXUDIC PASOS DE PEONS
DECRETO 2014-0470	03/06/20 14 10:56	RESOLUCION BAIXA TAXA DEPURACION POR ESTAR VIVENDA A MAIS DE 100M MAÑENTE 16-B
DECRETO 2014-0469	03/06/20 14 10:56	RESOL CAMBIO TITULAR TAXAS LIXO E DEPURACION SEOANE S/N VILARONTE

DECRETO	02/06/20	Decreto de Alcaldía de modificación do SAFDep. por cambio das circunstancias socioeconómicas da beneficiaria D. CARMEN GONZALEZ RIVAS
2014-0468	14 12:58	
DECRETO	30/05/20	
2014-0467	14 12:11	adxudi pos
DECRETO	30/05/20	
2014-0466	14 11:49	Compensación débedas José Castro Martínez
DECRETO	30/05/20	RESOL CONCESICON LICENZA ANIMAL POTENCIONALMENTE
2014-0465	14 11:47	PERIGOSO IVAN ERNAU VILLARINO
DECRETO	30/05/20	
2014-0464	14 11:47	ADXUD POS
DECRETO	30/05/20	
2014-0463	14 9:16	adxud pos 2014
DECRETO	29/05/20	
2014-0462	14 10:41	resolucion concesion cenima "amigos das viaxes"
DECRETO	29/05/20	
2014-0461	14 10:40	Nomina maio 2014
DECRETO	29/05/20	
2014-0460	14 10:39	RESOL CONCESION SALON CENIMA REUNION 6 XUÑO
DECRETO	27/05/20	RESOLUCION OUTORGAMENTO LICENZA AARON FRAGA .
2014-0459	14 11:35	ANIMAIIS PERIGOSOS
DECRETO	27/05/20	
2014-0458	14 11:35	resolucion alegacions avd mariña 24 finca mal estado
DECRETO	27/05/20	
2014-0457	14 11:35	mara abad pedreira
DECRETO	27/05/20	
2014-0456	14 11:34	Aprobación padróns axuda fogar marzo-abril
DECRETO	26/05/20	
2014-0455	14 12:38	pintado paso de peons
DECRETO	26/05/20	
2014-0454	14 12:38	prop adxud pos 2014
DECRETO	26/05/20	
2014-0453	14 12:38	D20140526 CONVOCATORIA PLENO ORD. 29/05/14
DECRETO	26/05/20	Ordenación pagos IG 10 Gestión Servicios SLU. Xustificación subv.
2014-0452	14 12:38	actividades dirixidas á xuventude.
DECRETO	26/05/20	Resolución Alcaldía de 23/05/2014, Exención minusvalía Constantino
2014-0451	14 10:39	Villarino Neira, matrícula 8320 BVK.

**3.- RENUNCIA COMO CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE DE D<sup>a</sup>. ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE.**- Pola Secretaria da Corporación municipal dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Preparatorios de Pleno, adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014.-

Polo señor Alcalde-Presidente manifestase que esta renuncia debese a motivos persoais, polo que entra o seguinte da lista D. JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO, debendo seguirse o trámite para o seu nomeamento.-

Considerando que neste Concello tivo entrada o día 10/06/2014 o escrito de **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE**, Concelleira do Concello. No mesmo formulábase a renuncia voluntaria ao cargo que ocupa neste Concello desde que tomou posesión do cargo de Concelleira o día 11 de xuño de 2011, tralas eleccións de 22 de maio de 2011. A renuncia ao cargo non será efectiva ata o seu sometemento ao Pleno do Concello, é dicir, ata a data de hoxe.-



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

Considerando os artigos 9.4 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 182 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, realizada a tramitación regulamentaria establecida, e visto o informe de Secretaría.-

Tralo debate, no que non se producen intervencións, excepto as de pronunciamento do sentido de voto, en votación ordinaria e por unanimidade dos doce concelleiros/as que o componen, en armonía co ditame da citada Comisión Informativa, resulta proclamado o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleira do Concello que realiza **ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE.-**

**SEGUNDO.-** Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que ésta remita as credenciais de **D. JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO**, seguinte na lista dos que concorreron ás últimas eleccións municipais, para que poida tomar posesión do seu cargo.-

**4.- APROBACIÓN DA INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE MUNICIPAL DO CAMIÑO QUE DIVIDE AS PARCELAS 13 E 39 DO POLIGONO 51.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014, que no seu literal indica:

“ Dáse conta da proposta de Alcaldía de data 16 de xuño de 2014, cuio teor literal di:

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Por esta Alcaldía sométese a estudio a Comisión informativa municipal de asuntos para o Pleno a proposta de aprobación da iniciación do procedemento de investigación da situación do camiño situado entre as parcelas 13 e 39 do polígono 51 segundo o catastro de rústica deste Concello dos anos 50.*

*Vistas as solicitudes realizada por Dona Ana Rosa Palmeiro Riveira neste Concello, con datas de 18 de decembro de 2012 NRE:6403, 29 de abril de 2013 NRE:2183, 19 de xuño de 2013 NRE:3154, 27 de novembro de 2013 NRE:6174 e 3 de febreiro de 2014 NRE:730 e posterior rectificación da documentación presentada con datas de 7 de marzo de 2014 NRE 1244 e 19 de marzo de 2014 NRE 1544.*

*Visto que pola Policía Local, emite informes con data de 11 de febreiro de 2014 e 23 de xaneiro de 2014.*

*Visto o informe dos servizos técnicos municipais-arquitecto.*

*Visto o informe de Secretaría.*

*Considerando a seguinte normativa aplicable ao caso:*

- *Artigo 281 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*
- *Artigo 56 do Real decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Artigos 4.1.d), 50.17, 51.1 e 220.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*

- Artigos 9,44.1.a), 72 e 45 e ss do Real Decreto Legislativo 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades locais
- arts. 41.1.a), 42.1 y 2, 28, 44 y 45 da Lei 33/2003, de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e 68.2 do Real Decreto Legislativo 1373/2009 da Lei 33/2003, de 28 de agosto de Patrimonio das Administracións Públicas.
- arts. 39, 68, 80, 81 e 101 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común Os artigos 4, 22.2 j) e 68 da Lei 7/85, de 4 de abril, de Bases de Réxime Local
- E o resto de Disposicións vixentes de xeral aplicación.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración da Comisión informativa municipal de asuntos para o Pleno a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Establecer as taxas a satisfacer por D. Ana Rosa Palmeiro Riveira, na contía de 400,00 Euros nas oficiñas de recaudación do Concello, quedando o acordo que se tome de iniciación do procedemento investigación da situación do camiño situado entre as parcelas 13 e 39 do polígono 51 segundo o catastro de rústica deste Concello dos anos 50, vinculado a dito ingreso.

**SEGUNDO.-** Aprobación da iniciación do procedemento de investigación da situación do camiño situado entre as parcelas 13 e 39 do polígono 51 segundo o catastro de rústica deste Concello dos anos 50.

**TERCEIRO.-** Someter a información pública o procedemento de investigación no Taboleiro de Anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo mínimo de 20 días para que se poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. Que se dea traslado do acordo de iniciación a Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, para que no se caso poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente. E se notificación os afectados polo procedemento de investigación.

**CUARTO.-** Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para suscribir e firmar toda clase de documentos relacionados có asunto.-

O señor ALCALDE explica que un propietario fíxose co camiño a través de escrituras de compra-venta e no Catastro.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ pide explicación da súa localización.-

O señor ALCALDE di que é un camiño de Cordido. Explica que non consta no Inventario de Bens, e facer un inventario de camiños como solicita o BNG é moi caro. Un veciño fixo un ascensor e colleu parte do camiño. O que se quere é que se inicie o expediente.-

Os grupos políticos piden que se ingrese en vez de 400 euros, 200 euros de fianza.-

Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: UNIFOZ, PP
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: PSG-PSOE e MIXTO-BNG

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DA INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE MUNICIPAL DO CAMIÑO QUE DIVIDE AS PARCELAS 13 E 39 DO POLÍGONO 51”.-**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O señor ALCALDE pasa a dar lectura da Proposta de Alcaldía e di que é necesario un trámite que implica unha serie de actos de investigación, certificacións, etc., o que se pretende é que se faga a investigación do ben para determinar a súa titularidade municipal e así poder recuperalo si é necesario.-

O señor Ramón Sixto Legaspi (PSG-PSOE), di que están a favor pero que é excesivo a taxa que quere poñer aos reclamantes, e di que queren que se lles aplique a taxa mínima de 60 €.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, di que votan a favor pero queren que se defina a súa titularidade, queren que se inicie de oficio por parte do Concello, xa que é un camiño particular e non se vai a beneficiar máis un veciño de Cangas que outro.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, di que é unha pena que teñan que defender os bens públicos aos particulares, xa no goberno anterior había problemas. Hai casos de usurpacións de camiños reais en Nois e en todo o Concello, e teríase evitado si se actuara. Hai casos de muros que se puxeron en camiños públicos e non se fixo nada. Existe unha moción, que, desde o ano 2006 se está a pedir facer un inventario de camiños públicos do Concello. Hai que poñer intención e vontade. Á igrexa deuselle a facilidade de rexistrar calquer ben que non se sabe da titularidade.-

O señor ALCALDE, di que están a favor de que se aplique a cuota mínima, actuouse de inmediato, houbo que buscar certificados, unha serie de actuacións previas anteriores á súa inscrición. Leva inscrito xa fai moitos anos e polo tanto é complexo.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, que **é aprobado por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos, con cota mínima de 60,10 €.-**

**5.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA A CREACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE CAMIÑOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FOZ.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014, que no seu literal indica:

*“ Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, co tenor seguinte:*

### **MOCIÓN PARA A CREACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE CAMIÑOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FOZ**

*Asistimos desde hai tempo a un malestar xeneralizado entre os veciños e as veciñas do noso Concello pola conflictividade que presenta o uso de espazos de dominio público, fundamentalmente referidos aos camiños públicos. A maioría destas queixas refírense á invasión de camiños públicos producida por construcións privadas, fundamentalmente naquelas zonas do noso Concello de máis presión urbanística ou onde desenvolvemento da construción é mais desordenada e en menor medida pola realización de muros ou peches que non retranquean a distancia esixida do eixo do camiño, que aínda sen producirse unha obstrución total do camiño, pertúrbase o seu uso público. Nalgúns casos estes sucesos foron motivo de denuncias e procedementos xudiciais.*

*Para o Bloque Nacionalista Galego, coa creación e actualización do inventario dos camiños públicos, trátase de pór en marcha os mecanismos necesarios para evitar nun futuro situacións que hoxe xa son irreversibles e que coa vontade política suficiente se puideron ter evitado, porque á marxe das dificultades da determinación da natureza pública ou privada dos camiños, a responsabilidade da situación creada en Foz é consecuencia do incumprimento por parte do Concello da obrigaón legal de inventariar todos os bens que lles pertencen, tanto públicos como patrimoniais.*

Así, o Artigo 278 da Lei da Administración Local de Galiza establece que: **“As entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens ou dereitos que lle pertencen, así tamén como dos bens pertencentes aos organismos autónomos que dependan delas.(...)”**. No mesmo sentido o Artigo 86 do Texto Refundido de Réxime Local sinala que: **“As entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens ou dereitos que lle pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación”**. Sobre esta cuestión vaise abondar nos artigos 17 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, facendo particular referencia as vías públicas no seu Art.20 g) no que se recolle: **“Tratándose de vías públicas, no inventario deberán constar os datos necesarios para súa individualización, con especial referencia aos seus límites, lonxitude e anchura”**.

Neste sentido, o BNG xa presentara unha moción que foi aprobada por unanimidade en sesión plenaria do 26 de decembro de 2006. Daquela aprobación, como en moitas outras ocasións, non saíu nada positivo porque quen debería aplicar a súa execución -os distintos gobernos municipais que mandaron no noso concello- non fixeron practicamente nada ou case nada ao respecto. Como consecuencia desta falta de actuación atopámonos case oito anos despois cos mesmos problemas de titularidade e de inseguridade xurídica que daquela sen estar -como a lei indica- todos os camiños públicos inventariados.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**1. Instar ao Alcalde de Foz e ao Goberno Municipal a que proceda a rexistrar no seu Inventario de Bens todos os camiños de natureza pública e que estes aparezan reflectidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en tramitación.**

**2. Instar ao Alcalde de Foz e ao Goberno Municipal a actuar urxentemente naqueles casos en que haxa posibles ou previsibles apropiacións indebidas de camiños ou sendeiros considerados públicos ou que poidan ter dito carácter de uso e titularidade pública.-**

O portavoz do grup municipal MIXTO-BNG explica que xa hai un acordo plenario sobre este tema. Hai unha serie de camiños, como o que vai desde o Olló do Mar, nas parroquias, etc., que se atopan con problemas de identificación. Di que como non hai documentación é necesario que se investiguen e se faga este documento para solucionar problemas de paso, entre outros.-

O señor ALCALDE di que é moi complicado porque non hai documentos que o acrediten. E di que eles vanse abster porque non se sabe moi ben o custe do proxecto, é necesario buscar unha valoración, polo que se poden pedir varios orzamentos.-

Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: MIXTO-BNG, PSG-PSOE e UNIFOZ
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: PP

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG RELATIVA Á CREACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE CAMIÑOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FOZ”.-**

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, di que esta moción pode parecer que ten que ver co caso de Cangas, pero é unha casualidade, quere que o goberno que representa





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

o Concello actúe e se faga unha actualización dos bens para evitar litixios entre os particulares e o Concello.-

O señor Ramón Sixto Legaspi (PSG-PSOE), manifesta que están a favor, pero hai un inventario de bens no Concello no que aparecen os camiños, por iso están a favor de que se faga, e que se faga ben aínda que sexa custoso.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, di que hai un inventario etnográfico no que se recollen os cabozos, etc. Houbo casos que deron lugar a litixios. O que lle choca é que o Catastro modifique a titularidade sen ter en conta os camiños públicos.-

O señor ALCALDE manifesta que sí están de acordo coa actualización dos camiños pero non é tan fácil, porque houbo a creación de moitas rúas de nova construción, parques, etc. Seguramente se notificou ao Concello pero non se actuou, aínda que nós non estabamos. Ten un custe moi elevado e hai que sacar eses cartos de un lado para outro. Nós sen saber o custe abstémonos para pedir os orzamentos necesarios.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, di que agradece o voto positivo, pero quen actúa primeiro ten moita vantaxe. Neste Concello hai un Arquitecto, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Secretaria e Interventora mirandoo, e unha empresa non é a solución.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: MIXTO-BNG, PSG-PSOE e UNIFOZ
- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: PP

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/06/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**6.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA RECLAMAR A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO E O MATERIAL CURRICULAR.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014, que no seu literal indica:

*“ Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, co tenor seguinte:*

### ***MOCIÓN PARA RECLAMAR A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO E O MATERIAL CURRICULAR***

*Tal e como se manifesta na Orde do 28 de maio de 2014, a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pretende impoñer un novo recorte nas axudas á adquisición de material escolar para o vindeiro curso académico. Se nos anos anteriores as axudas estaban destinadas a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario, desta volta (coa excepción d@s nen@s de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%) unicamente se permite a solicitude de axudas para adquisición de libros de texto. Con esta modificación obriga ás familias, que pola súa situación económica reúnen os requisitos para percibir*

unha axuda, a asumir este vindeiro curso o custo económico da compra de dicionarios, cadernos de traballo, libros de lectura, etc.

**A principios do mes de xuño, o Parlamento de Galicia a través do grupo do PP instou a Xunta de Galicia a "facilitar o acceso das familias galegas aos libros de texto, facendo compatibles as axudas a aqueles que máis o necesiten coa solidariedade e coa cooperación na progresiva extensión de iniciativas de banco de libros impulsadas pola comunidade educativa de cada centro e, ao mesmo tempo, propiciando a dispoñibilidade de materiais e contidos educativos dixitais".** A pasada semana o PP sacaba adiante esta iniciativa no pleno da Cámara. Nun inusitado xiro de guión, os conservadores lanzábanse a defender os [bancos de libros creados por asociacións de nais e pais e algúns concellos](#) para paliar a fin do programa de préstamo universal implantado en tempos do bipartito e substituído polas axudas parciais do actual Executivo. **Agora é a propia Xunta a que anima á "solidariedade" das familias como antídoto ás consecuencias da súa propia medida.**

### **O fracaso da "gratuidade solidaria"**

A chamada eufemisticamente "[gratuidade solidaria](#)" foi o alcume elixido pola Xunta do PP para o modelo de axudas parciais co que substituíu o sistema de préstamo de libros de texto implantado polo Goberno bipartito. Este modelo, defendido como austero e equitativo polos responsables do PP, non supuxo apenas aforro para o erario e, ademais, non garante o acceso en igualdade de condicións aos manuais para todo o alumnado do ensino sostido con fondos públicos. **Lonxe de tender a ampliar o número de estudantes beneficiarios das axudas, os Orzamentos de 2014, presentados como os do "inicio da recuperación económica", aplican a tesoiira e deixan fóra a case 30.000 alumnos e alumnas máis que no exercicio anterior.**

Xa no ano 2013 estimábase que os estudantes "beneficiados" serían uns 163.000, o que supuña unha taxa de cobertura do 65%. **Un ano máis tarde a cifra baixa ata 136.000 beneficiarios e beneficiarias, 27.000 menos.**

A denominada [Gratuidade Solidaria](#), alcume creado pola Consellería de Educación para os devanditos subsidios, vén revelándose como un mal negocio para as familias, pero tamén para a propia Administración. Despois duns primeiros compases convivindo co sistema de préstamo agora xa é a única vía de axudas do Goberno galego para mercar manuais escolares e a Consellería vese obrigada a ampliar o seu financiamento porque [queda sistematicamente sen cartos](#). **Así, o sistema impulsado polo gabinete de Alberto Núñez Feijóo xa supera en máis dun 40% o impacto que tiña nas arcas públicas o modelo de préstamo. Todo isto, mentres o propio Goberno prevé [excluir neste 2014 a 30.000 estudantes máis das súas subvencións](#).** En consecuencia, as axudas parciais chegan a menos alumnado que o modelo de préstamo e saenlle máis caras á Consellería.

**Uns 86.000 alumnos e alumnas non recibirán axuda ningunha.**

Así as cousas, tendo en conta as cifras de alumnado matriculado en Primaria, ESO e Educación Especial -niveis aos que lles afectan estes subsidios- que manexa Educación, isto quere dicir que hai case 86.000 estudantes que non recibirán axuda ningunha, o que non quere dicir que os restantes teñan, nin moito menos, libros de balde. **Para atender a este continxente de estudantes e tamén ás familias ás que a achega da Xunta non lles chega para mercar todos os manuais, numerosas asociacións de pais e nais e concellos están xa a artellar dende hai meses múltiples [bancos de libros](#).**

**Un recorte orzamentario do 25%**

A tesoirada da Consellería é máis intensa que entre 2012 e 2013, [cando foi dun 8%](#). **Esa diminución implicou que os cartos para facerlles fronte ás solicitudes de axudas non fosen suficientes, obrigando á Xunta a realizar unha [achega extraordinaria no mes de outubro](#) do 2013.** O mesmo veu acontecendo todos os anos dende a fin do programa de préstamo. Isto non impide, así e todo, que o Goberno volva mermar os recursos no seu proxecto económico para este ano 2014.

A menor cobertura das axudas é consecuencia lóxica do recorte orzamentario que departamento que dirixe Jesús Vázquez lle aplica en 2014 a estas axudas para mercar libros e material escolar. No ano



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

2013 esta partida orzamentaria dispuña dun crédito de 12,8 millóns de euros, pero desta volta diminúe ata o 9,5, resultado de sumar os 8 millóns para axudas á compra de libros ordinarios e o millón e medio achegado para "libros de texto electrónicos". **En síntese, un recorte orzamentario do 25%.**

### **Fracaso da política educativa do PP**

Esta orde pon en evidencia o fracaso da política educativa do PP e do Sr. Nuñez Feijóo nos seus anos de goberno. Argumentara falsamente cando usaba a desculpa da crise para cambiar o sistema de préstamo de libros de texto do goberno bipartito, por un que supuxo maior custo económico beneficiando a un número menor de familias. **Agora volve a retomar a idea do banco de libros que no seu día rexeitou.**

Neste contexto, e mentres as comunidades escolares combinan a organización de bancos de libros coa [reclamación da volta ao sistema anterior](#), un [informe da Defensora del Pueblo](#) apostaba abertamente a finais de 2013 polo modelo de préstamo. A institución que dirixe a popular Soledad Becerril recomendáballes ás Administracións públicas, en plena vaga de recortes, "**aplicar preferentemente sistemas de préstamo e reutilización dos libros de texto, pola súa maior eficiencia e menor custe**" e "**favorecer esta utilización no ensino obrigatorio**". Ademais de ser máis económico, argumentaba, este sistema supón unha "indubidable contribución ao proceso educativo do alumnado e á adquisición de hábitos cívicos e de convivencia". Becerril non aposta, polo tanto, pola acumulación de libros de texto nas vivendas do alumnado, eloxiada sistematicamente pola actual Xunta.

### **A Consellería evita as recomendacións da Defensora**

O BNG solicitoulle á Consellería de Educación unha valoración deste informe e unha avaliación dos resultados da súa "gratuidade solidaria". **Non obtivemos boa parte da información que pedíamos, pero si a orientación política da Consellería para os vindeiros tempos: da gratuidade solidaria á "solidariedade" familiar.**

Pero, ¿que acontece mentres as familias teñen que seguir pagando os libros do ensino obrigatorio e, teoricamente, gratuíto? Estamos claramente diante doutro paso na política de empobrecemento sistemático das familias por parte do goberno central e galego, facéndonos responsables e pagadores dun malgasto de cartos do que son culpables e, ás veces, tamén beneficiarios.

Hai que aplaudir a lección que a CONFAPA de Galicia lle deu ao Goberno de Feijóo de defensa da gratuidade total dos libros de texto a través **dos bancos de libros postos en marcha hai cinco anos pola confederación de asociacións de pais e nais. Un exemplo que como o seu presidente di "é un logro que hai que poñer en valor, polo que representa socialmente e pola súa filosofía cooperativa"**. As nais e pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma causa: **que os libros de texto escolares sexan gratuítos para as familias con fillos e fillas matriculados en centros educativos públicos**. Se como di a Constitución no seu artigo 27.4 "o ensino básico é obrigatorio e gratuíto", os manuais de texto que o alumnado necesita para a súa educación tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento indispensable que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico non se cumpre o precepto constitucional nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación.

Tendo en conta que o paro aféctalle a cada vez máis familias do concello de Foz, este novo recorte pon a moitas familias que dependen de axudas coma esta para saír adiante, nunha situación cada vez máis crítica e desesperada.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**-Instar á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular para o vindeiro curso académico no ensino obrigatorio.-**

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG pasa a dar lectura e explicación da súa moción, e di que é froito dunha nova Orde da Consellería, queren a gratuidade dos libros de texto, xa que a gratuidade establecida é máis cara que o sistema anterior de préstamo.-

Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: MIXTO-BNG, PSG-PSOE e UNIFOZ
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: PP

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA DECLARAR A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO E O MATERIAL CURRICULAR” .-**

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG pasa a dar explicación da súa moción e di que ademais de ser unha medida máis cara é moito máis inxusta. Non se está a pedir nada novo, hai informes de Unicef, Defensor do Pobo, Confederación das Anpas, nos que din que os libros de texto teñen que ser gratuítos como no sistema do bipartito.-

O señor Ramón Sixto Legaspi (PSG-PSOE), manifesta que eles están a favor e que están en contra da política da Conselleira.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, manifesta que o seu grupo está a favor.-

O señor ALCALDE manifesta que eles están en contra porque o sistema que se aplica é que os que máis pagan son as da renda máis alta e non unha persoa que non tería que pagar. O mesmo pasa co sistema de bancos de préstamo. Vostedes queren que todos teñan os libros gratuítos, pero non pode ser, non sería xusto.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: MIXTO-BNG, PSG-PSOE e UNIFOZ
- Votos en contra: PP
- Abstencións: Ningunha

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/06/2014 RELFECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**7.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014, que no seu literal indica:

“ *Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, co tenor seguinte:*

**MOCIÓN A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS**

O vindeiro 28 de xuño é o Día Internacional polos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais, un día que ten que servir para demandar unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación e de facer visíbel unha realidade plural que moitas veces non existe por ser invisibilizada social e politicamente. Cómpre, neste sentido, que a institución



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

*municipal desenvolva un labor neste sentido e planifique accións e actividades ao longo do todo o ano, o que non colide co feito da facer patente, de maneira moi especial arredor desta data, o compromiso das institucións públicas para coas reivindicacións da comunidade LGTBI.*

*Este mesmo ano, o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 2/2014, do 14 de abril, polo igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, unha lei que o BNG apoiou, comprometéndose a afondar nela e a vixilar o seu cumprimento. O BNG é consciente de que esta é unha cuestión a medio e longo prazo, unha cuestión que require un maior apoio social e institucional ao movemento LGBTI nun contexto de desigualdade e discriminación.*

*Por iso o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**1.- Instar á Xunta de Galiza a que, de xeito urxente, acometa a plena aplicación e desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, en particular:**

**a) Dotar o Servizo de apoio e mediación LGTBI, en particular a posta en marcha da liña de atención telefónica permanente ou calquera outra medida análoga para atender todos os casos de consulta, asesoramento ou denuncia de calquera tipo de agresión neste ámbito.**

**b) Establecer as medidas precisas para garantir que a Consellería competente en materia de cultura impulse e apoie as producións culturais que inclúan a realidade LGTBI e potencie referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade.**

**c) Implantar mecanismos efectivos de colaboración para garantir a implicación de todos os poderes públicos.**

**2.- Colaborar coa Xunta de Galiza na aplicación efectiva da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, así como coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, para garantir que a práctica deportiva e de actividade física en Galiza se desenvolva en termos de igualdade e sen ningunha discriminación por razón de orientacións sexual e identidade de xénero.-**

*O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG pasa a dar lectura e explicación da súa moción, e manifesta que este mes é o día oficial e por iso miran polos seus dereitos.-*

*Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . Votos a favor: MIXTO-BNG, PSG-PSOE e UNIFOZ
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: PP

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS”.-**

*O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG pasa a dar lectura da súa moción.-*

*O señor ALCALDE manifesta que cre que a Autonomía Galega se está adelantando a estas medidas, e polo tanto apoia esta moción.-*

*Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, que **é aprobado por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-***

**8.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014, que no seu literal indica:

“ Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal MIXTO-BNG, co tenor seguinte:

**MOCIÓN PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR**

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simple mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso consitutínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do estado español o inicio dun proceso constituínte que permita superar o actual marco constitucional incluíndo a participación popular na reformulación do modelo de estado, con garantías no social e democrático e onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.-**

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG manifesta que esta moción é por todo o que se montou coa nova coroación do Rei. Queren unha nova reconsideración do Estado para que se teña capacidade de decisión, igual que noutros países de Europa.-

Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:

- . Votos a favor: MIXTO-BNG e PSG-PSOE
- . Votos en contra: PP
- . Abstencións: UNIFOZ

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**NON DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG PARA SUPERAR O**



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

**MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR”.-**

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, pasa a dar lectura da moción.-

O señor Ramón Sixto Legaspi (PSG-PSOE), manifesta que está a favor do primeiro punto da moción, pero non comparten o da autodeterminación, son españois e non comparten.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, manifesta que están na mesma liña do compañeiro socialista, non están de acordo coa autodeterminación, e vanse abster..

O señor ALCALDE manifesta que na súa moción falan dunha serie de medidas que atentan contra un sistema que trouxo moitas prosperidades. O Rei foi e é un órgano importante, enbaixador, representante, o poder está no pobo, nunha monarquía parlamentaria. Éste é un modelo que nos une a tódolos españois, o señor Pablo Iglesias é o que une a tódolos pobos revolucionarios, pero éste é un sistema consensuado que trouxo prosperidade, responsabilidade, etc.

Non están a favor da autodeterminación do pobo.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, di que a valoración que vostede ten é compartida por tódolos españois. É unha herdanza da monarquía do sistema franquista. Dentro das monarquías hai prácticas corruptivas. As monarquías europeas son un sistema do vello réxime, son herdanzas medievais. Os Estados máis modernos constituídos recentemente non son monarquías, ademais é sexista, e non entende que as mulleres estén a favor.-

O señor ALCALDE manifesta que o aforamento do Rei responde ao que se fixo con moitos outros políticos.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: MIXTO-BNG
- Votos en contra: PP
- Abstencións: PSG-PSOE e UNIFOZ

Consecuentemente, non obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**NON PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/06/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

**9.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA QUE SE REALICE EN TEMPO E FORMA A CONVOCATORIA CORRESPONDENTE DE AXUDAS AOS CONCELLOS QUE PERMITEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA O VERÁN CON SUFICIENTE ANTELACIÓN.-** Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014, que no seu literal indica:

“ Atendida a Moción reflectida no epígrafe, defendida polo concelleiro do grupo municipal **UNIFOZ**, co tenor seguinte:

*Jaime Cancio Rodríguez, Ana M<sup>a</sup> López Campoamor, M<sup>a</sup> Ángeles Veiga Varela en representación do grupo Municipal UNIFOZ na Corporación Municipal que Vostede preside e no seu nome o seu portavoz Jaime Cancio Rodríguez*

*Que fai uns días saía publicado a [ORDE do 22 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2014.](#)*

*Que a mencionada orde regula o sustento económico, para que os concellos podan fortalecer e poñer en marcha servizos básicos de atención aos cidadáns, tales como socorrismo, limpeza...*

*Que analizado o contido da mesma no que se refire aos prazos, son totalmente insuficientes para que os concellos podan programar , e poñer en marcha en tempo e forma os servizos mencionados.*

*Que é difícil de entender como algo que se repite tódolos anos, non se pode planificar con máis rigorosidade e planificación por Parte da Xunta de Galicia.*

*Por todo isto Unifoz , presenta ante a Corporación Municipal esta MOCIÓN, coa seguinte proposta de acordo:*

**-Instar a Xunta de Galicia para que no sucesivo, se realice en tempo e forma a convocatoria corresponde de axudas aos concellos que permiten a contratación de persoal temporal para o verán coa suficiente antelación.**

**-Dar traslado do acordo aos concellos da Mariña para que se sumen a esta petición.**

**-Dar traslado do acordo a Mancomunidade.-**

*O portavoz do grupo municipal UNIFOZ explica que é para que se inste á Xunta de Galicia e á Mancomunidade que se saquen en tempo as convocatorias, porque si se retrasan, as contratacións quedan para Agosto, cando remate o verán.-*

*Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . Votos a favor: UNIFOZ, PSG-PSOE e MIXTO-BNG
- . Votos en contra: Ningún
- . Abstencións: PP

*Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:*

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ PARA QUE SE REALICE EN TEMPO E FORMA A CONVOCATORIA CORRESPONDENTE DE AXUDAS AOS CONCELLOS QUE PERMITEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA O VERÁN COA SUFICIENTE ANTELACIÓN”.-**

*O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, explica a súa moción e di que a Orde de 22 de maio de 2014 que remata maña, a resolución da mesma aínda non está concedida, e quere unha chamada de atención para que se poida conceder en tempo, socorristas, limpeza de praias, etc.-*

*O señor Ramón Sixto Legaspi (PSG-PSOE), manifesta que están a favor para que repercutan nos veciños.-*

*O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, manifesta que está a favor.-*





## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

O señor ALCALDE di que si que están chegando tarde, pero estamos a contratar ao seu cargo. Responde a que a Xunta non ten cartos, reduciu a contía do orzamento, non se contrata tanta xente como antes, houbo problemas para o financiamento como é o persoal de limpeza, albañilería, etc., que serán con fondos propios. Hai problemas para ter financiamento e crédito.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, di que a situación do Concello de Foz é que a Xunta saca a Orde tarde, pero o Concello tampouco ten orzamento aprobado.-

O señor ALCALDE di que si que hai partidas do ano 2012 para limpeza de praias.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: UNIFOZ, PSG-PSOE e MIXTO-BNG
- Votos en contra: Ningún
- Abstencións: PP

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PREPARATORIOS DE PLENO DE DATA 19/06/2014 REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

### **10.- MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE MANTEÑA ABERTO OS COMEDORES ESCOLARES NECESARIOS PARA SEGUIR DÁNDOLLE COBERTURA ÁS FAMILIAS QUE SE ATOPAN SEN RECURSOS PROPIOS.-**

Dáse conta do ditame emitido pola comisión informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, acadada na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de xuño de 2014, que no seu literal indica:

*“ Que según o Instituto Nacional de Estadística (INE) a pobreza infantil supera xa o 22%, e ademais cifra en 466.000 os galegos que viven por debaixo do umbral da pobreza, e en 30.000 os fogares da comunidade nos que non hai ningún tipo de ingreso.*

*Que dada a situación precaria que están atravesando moitas familias que se atopan sen recursos propios e que teñen que valerse da axuda do comedor escolar para poder darlles unha alimentación axeitadas aos seus fillos; unha axuda que chega ó seu fin co remate do curso escolar.*

*E para que todas esas familias poidan seguir dispoñendo deste servizo e así poder darlles aos seus fillos a lo menos unha comida equilibrada ao día, propoñemos o seguinte acordo:*

***Instar tanto ó Goberno da Xunta de Galicia coma a súa Consellería correspondente que manteña abertos os comedores escolares necesarios para seguir dándolle cobertura a estas familias.-***

*A portavoz do grupo municipal PSG-PSOE pasa a dar lectura e explicación da súa moción.-*

*Tralo debate, pola presidencia sométese a proposta contida na Moción anteriormente transcrita a votación ordinaria, co resultado seguinte:*

- . *Votos a favor: PSG-PSOE, UNIFOZ e MIXTO-BNG*
- . *Votos en contra: Ningún*
- . *Abstencións: PP*

Consecuentemente, pola presidencia resulta proclamado o seguinte **DITAME**:

**DITAMINAR FAVORABLEMENTE E PROPOÑER AO PLENO DESTE CONCELLO A APROBACIÓN DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE MANTEÑA ABERTO OS COMEDORES ESCOLARES NECESARIOS PARA SEGUIR DÁNDOLLE COBERTURA ÁS FAMILIAS QUE SE ATOPAN SEN RECURSOS PROPIOS”.-**

O señor Ramón Sixto Legaspi ( PSG-PSOE), pasa a dar lectura da moción e explica que moitos nenos que pertencen a familias sen recursos non dispoñen de comida durante o día.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, manifesta que non están moito de acordo con que se abran os comedores no verán, sí con axudas para esta finalidade, pero non ven claro que poida funcionar e non sexa discriminatorio para eles.-

O portavoz do grupo municipal MIXTO-BNG, di que están en contra do que di o PP, están a favor de estas medidas, porque hai moitas familias que o necesitan, hai informes de Cáritas, Cruz Vermella, etc. Dous de cada dez galegos viven por debaixo da pobreza e medran as desigualdades, e están de acordo coas medidas que se adoptan.-

O señor ALCALDE di que o incremento nos orzamentos en axudas sociais é real, así incrementouse nun 21% para o RISGA, Axuda Social un 14% máis, os comedores escolares 10.000 prazas máis, 30.000.000 € para comedores. O compromiso do goberno galego é máximo para estes nenos. Os Servizos Sociais do Concello terán que estar en contacto coa Xunta de Galicia, etc. Pódese abrir un comedor, pero non todos se non fora necesario.-

O señor Ramón Sixto Legaspi ( PSG-PSOE), pide que se abra canto antes porque o curso escolar xa rematou.-

O portavoz do grupo municipal UNIFOZ, manifesta que están de acordo co fondo, pero hai un fondo social de emerxencia a petición de UNIFOZ. Hai casos de persoas que van a buscar comida aos contenedores, polo que algo falla, pero a medida de abrir os comedores non é a máis axeitada.-

O señor ALCALDE di que non é así, o bando de alimentos está a funcionar, concretamente en axudas de emerxencia social.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete o transcrito ditame da comisión informativa a votación ordinaria, que **é aprobado por unanimidade dos doce membros asistentes, en todos os seus extremos e nos seus propios termos.-**

**11.- ASUNTOS QUE POIDAN SER DECLARADOS DE URXENCIA.-** Non houbo.-

**12.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Na quenda de **ROGOS**, fórmulanse os seguintes:



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

### **GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE**

**Dona ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE:**

- Os contenedores do lixo que se mirenen-
- Que se abran os baños das praias.-
- A barandilla do parque de Cangas.-

### **GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ**

**Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ:**

- Mellor funcionamento da Bolsa de Emprego a nivel de información do emprego.-
- Que unha persoa pidiu cita fai xa quince días co Alcalde, e aínda non se lle deu.-
- Que se cambie o cadro do Rei do Salón de Plenos.-

### **GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG**

**Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA:**

- Que se mire o sumidoiro no cruce de Vilaxoane.-
- Que se quiten os letreiros do Concello, porque están dando mala imaxe no pobo.-
- Que se prohíba o tráfico no mercado, porque é moi perigoso.-

Na quenda de **PREGUNTAS**, fórmulanse as seguintes:

### **Dona RAMÓN SIXTO LEGASPI (GRUPO MUNICIPAL PS de G-PSOE)**

-¿Hai algún plan de rebacheo?

O señor ALCALDE responde que co POS, PEIM e fondos propios estase a facer.-

-¿Cómo se contratou á empresa que desbroza?

O señor ALCALDE responde que por horas, que se pensa facer así.-

-¿Cómo está o Plan Xeral?

O señor ALCALDE responde que hoxe tiveron explicando aquelas alegacións conxuntas, e todos os informes xa están feitos, só falta o de Patrimonio. Estase a avanzar nas contestacións ás alegacións, os diferentes informes sectoriais, etc. Para setembro estará rematado.-

### **Don XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ)**

Non ten preguntas.-

**Don XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG)**

-¿Cal é o criterio para o asfaltado de pistas?

O señor ALCALDE responde que nas diferentes subvencións métese os proxectos que elabora a Corporación, métese as obras que son necesarias.-

Concluído o anterior, ás vinte e dúas horas e vinte minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-

**A secretaria,**

**ANA BARREIRO GÓMEZ**

**O alcalde,**

**JAVIER JORGE CASTIÑEIRA**

**(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)**